

DO AUDIBLE vindeiros concertos

MEMORIAS LÍQUIDAS

con *Luís Bittencourt*

Mércores 21 de xuño ás 20:30 h

Museo Galego do Entroido, Xinzo de Limia

HIBRIDACIÓN

con *Julio Parapar*

Martes 7 de novembro ás 20:30 h

Paraninfo da Universidade, A Coruña

RECOLLER CASCALLOS

con *L'Imaginaire* de Estrasburgo

Xoves 23 de novembro ás 20:30 h

Casa do Saber, Lugo

Colaboran nesta sesión:

Vicerreitorado de Pontevedra (UVigo)

Fundación Japón e Casa Galicia-Japón

Departamento de Xaponés da Escola Oficial de Idiomas de Vigo e da Coruña



Vicerreitoría do
Campus de Pontevedra
Universidade de Vigo

V CICLO DE CONCERTOS

DO 2017 AUDIBLE

MÚSICA EN DIÁLOGO
COA ARTE,
COA CIENCIA
E CO PENSAMENTO
CONTEMPORÁNEOS

CALIGRAFÍA DO SON

con *Aoi Yamaguchi e Masako Hattori*

Venres 9 de xuño ás 20:30 h

Basílica de Santa María a Maior de Pontevedra

vertixe
sonora



XUNTA
DE GALICIA

Máis información:
cultura.gal
vertixesonora.net

CALIGRAFÍA DO SON

JOSÉ DURÁN MARTÍNEZ, IN MEMÓRIAM

O TRAZO ESPIRITUAL DA MÚSICA

“A música é caligrafía que emprega sons pintados no lenzo do silencio”

A partir desta metáfora do compositor xaponés Toshio Hosokawa, presentamos un programa no que a arte da tinta da mestra calígrafa Aoi Yamaguchi e a música do propio Hosokawa e do seu mestre Tōru Takemitsu conforman un espectáculo único.

O Shodō (書道), caligrafía xaponesa, é unha das belas artes máis populares no Xapón e posúe un profundo sentido filosófico. Para cada liña e cada punto son moi importantes o seu inicio, a súa dirección, a súa forma e o seu termo; o balance entre todos os elementos, e ata o espazo baleiro entre eles, todo entraña un vasto significado. Aínda que en sentido estrito non se trate máis que de escritura delicada, nas obras caligráficas materialízase un dos principios básicos da estética xaponesa, o *wabi sabi* (侘寂), que suxire calidades como a imperdurabilidade, a humildade, a sinxeleza, a asimetría e a rusticidade, entre outras.

Nesta proposta a arte bidimensional da caligrafía tradicional xaponesa transfórmase na arte da expresión física dunha performance. De Toshio Hosokawa ofreceranse varias presentacións históricas: dúas estreas en España, a reestrea dunha partitura de 1981 –perdida e recentemente recuperada–, e a estrea mundial de *Souvenir aus Japan*. Ademais do diálogo entre trazo e son, terá lugar outra intensa conversa entre a música de Hosokawa e a do seu modelo artístico Tōru Takemitsu, de quen se escoitará a interpretación da partitura gráfica *Corona for Pianist(s)* (1962), raramente programada.

PROGRAMA

- T. Hosokawa: ***Melodía II*** (1977)
- T. Hosokawa: ***Étude III - Haiku*** (2013)*
- T. Takemitsu: ***Corona I Study for Vibration - Blue***
- T. Hosokawa: ***Étude V - Anger*** (2013)*
- T. Takemitsu: ***Corona II Study for Intonation - Red***
- T. Hosokawa: ***Étude VI - Lied*** (2013)*
- T. Takemitsu: ***Corona III Study for Articulation - Yellow***
- T. Hosokawa: ***Souvenir aus Japan –Sakura–*** (2007)**
- T. Takemitsu: ***Corona IV Study for Expression - Grey***
- T. Hosokawa: ***Yoru no Kuni*** (1981) ***
- T. Takemitsu: ***Corona V Study for Conversation - White***

* presentación en España

** estrea absoluta

*** reestrea

Aoi Yamaguchi, caligrafía

Masako Hattori, videocreación

VERTIXE SONORA [intérpretes neste concerto] Haruna Takebe e David Durán, pianos

AS OBRAS

As obras para piano de Tōru Takemitsu (武満徹, 1930-1996) e Toshio Hosokawa (細川 俊夫1955-) son paradigma da arte intercultural, ao integrar aspectos da tradición xaponesa coa arte vangardista occidental precisamente a través do instrumento europeo por antonomasia. Pénlese que o piano é un instrumento creado por e para a música occidental, a partir do sistema de afinación fixo de doce notas e dun singular timbre que remite a unha concreta (e gran) tradición europea; porén, completamente afastado do ideario sonoro duns compositores con fondas raíces culturais que camiñan por vieiros sonoros verdadeiramente diversos.

TOSHIO HOSAKAWA *Melodía II* (1977)
Melodía II é unha páxina de xuventude (composta por Hosokawa en 1977 con tan só 22 anos, sendo aínda alumno de Isang Yun en Berlín). Á parte da factura modal e do latente estado inicial da idea caligráfica da música, cómpre destacar a sensación espacial e temporal na que asoma, sen dúbida, o concepto *Ma*¹ entre uns sons que desaparecen gradualmente ou que se estenden tranquilamente no silencio, coma se este envolvese o son ou devolvese o son á natureza. A escritura é verdadeiramente espida, lenta e cun material moi reducido, mínimo. Esta tendencia mística que, sorprendentemente, xa se atopa nun estadio tan temperán, establece unha atmosfera espiritual e meditativa con materiais moi simples.

Máis tarde, durante os estudos en Friburgo co suízo Klaus Huber, Hosokawa redescobre a música xaponesa e regresa ao Xapón nunha estadaí de investigación para estudar as artes tradicionais do seu país, a música *Gagaku*, o teatro *Noh* etc. Para afondar na súa estética da “caligrafía sonora” familiarízase co mestre zen e padre católico Kakichi Kadowaki², profesor de filosofía occidental e oriental na Sophia University de Tokio, e que domina a práctica da arte da escrita (caligrafía). Hosokawa puido observar que antes de poñer o pincel grande de tinta sobre o papel, Kadowaki fixaba no aire un certo punto, chamado *Konton kaiki*. A partir deste punto escorregaba o pincel sobre o papel branco e, a continuación, levábao de volta ao punto de partida. Os caracteres ou liñas que quedan no papel son só unha parte dun movemento maior, a parte visible dun proceso global do círculo invisible, que implica o *Ma* do baleiro zen-budista. Deste xeito, o mundo da caligrafía existe non só sobre o papel, senón tamén no ar: “o proceso enteiro da man en movemento transfírese nunha liña”. Hosokawa sentiu inmediatamente o vínculo con estas ideas, no nivel musical e espiritual, e sentou as bases da súa orixinal voz propia, integrada na vangarda occidental.

TOSHIO HOSAKAWA *Étude I -VI* (2013)
Xa en 2013 Hosokawa iniciou unha serie de seis estudos para piano que afondan especificamente na relación trazo-son desde o piano. Os propios títulos das pezas mostran claramente a relación e disposición evolutiva durante o ciclo: *Étude I* “Dúas liñas” – *Étude II* “Punto e liña” – *Étude III* “Unha liña” – *Étude IV* “Tres liñas”.

A interpretación mística da metáfora da caligrafía encerra toda unha visión artística. O *Konton kaiki*, entendido como a orixe misteriosa de todas as cousas: o Universo é o estado profundo de unidade mente-corpo desde onde un podería transcender as limitacións dos instrumentos e das técnicas empregados no Shodō, e escribir directamente guiado polo espírito. Este pensamento constitúe todo un fundamento do universo musical de Hosokawa que se considera a si mesmo un compositor/calígrafo e ao acto de compoñer/trazar un exercicio espiritual.

Shodō, significa literalmente “camiño da caligrafía”, así como Chadō é o “camiño do té” ou o Aikidō é o “camiño da enerxía e harmonía”. Poderíamos dicir, entón, que Toshio Hosokawa engade un camiño de seu a eses “camiños vitais” tradicionais do Xapón para descubrirse a un mesmo: o “camiño da música”.

TOSHIO HOSAKAWA *Souvenir aus Japan* (2007)
A raíz da investigación realizada por min mesmo sobre a obra para piano de Hosokawa ven a luz partituras para piano descoñecidas e esquecidas. *Souvenir aus Japan*, interpretada polo propio compositor en 2007 nun contexto privado e festivo (mais nunca mostrada en público), é unha peza de ocasión, un agasallo musical baseado nunha coñecida melodía popular xaponesa, *Sakura, Sakura*.

TOSHIO HOSAKAWA *Yoru No Kuni* (1981) *(País da noite)*
A derradeira obra que escoitaremos de Hosokawa, *Yoru No Kuni (País da noite)*, de 1981, é unha partitura que estivo durante décadas esquecida logo dunha única audición, na estrea, e de que o compositor non a incluíe posteriormente no seu catálogo. Non son páxinas editadas e hoxe reestréanse directamente desde o manuscrito. Baséase nun poema do poeta e dramaturgo surcoreano Kim Chi-Ha e é a única obra de Hosokawa de explícitas connotacións políticas. Estamos ante unha composición de material sonoro e recursos técnicos situados na vangarda europea máis experimental, que apunta claramente ao seu amigo e mentor Helmut Lachenmann e á *Musique Concrète Instrumentale*.

TŌRU TAKEMITSU *Corona, for Pianist(s)* (1962)
A obra de Takemitsu *Corona* é unha partitura gráfica que establece unha singular relación entre trazo e son, compositor e intérprete. A intervención dos músicos segue unha proposta só en parte definida polo compositor, que rexeita a sistemática da notación tradicional. As partituras gráficas dotan o intérprete de certa liberdade, e cada músico crea unha actuación única e particular.

De formación esencialmente autodidacta, Toru Takemitsu (que tamén considerou a idea caligráfica da música, pero cunhas implicacións menos determinantes que as de Hosokawa –sirva de exemplo inmediato o título *Le Son Calligraphie #1*, a primeira de tres pezas para dous cuartetos de cordas–), transitou linguaxes de forte pegada impresionista durante toda a súa carreira, influído polas audicións de música francesa durante a Segunda Guerra Mundial. Debussy e Messiaen, autores franceses moi interesados pola música oriental, foron puntos de referencia do xaponés. É por iso polo que pode sorprender atoparse cunha proposta das radicais características de *Corona*.

Á volta dos estudos nos Estados Unidos, Toshi Ichiyanagi, introducira no Xapón o contacto con John Cage, iniciando un período que se coñece como o Cage Shock. Neste período, Takemitsu quedou prendido das partituras gráficas. Desta época datan catro partituras gráficas, algunhas delas realizadas en colaboración co artista xaponés Kōhei Sugiura. Estas obras son *Ring*, para frauta, guitarra e laúde (1961), *Corona, for Pianist(s)* (1962), *Corona II*, para orquestra de cordas (1962), e *Arc*, para cordas (1963). Se ben en *Ring* emprega notación tradicional, en *Corona* prescinde completamente dela. *Corona* publicouse a principios dos anos 70 pero actualmente é unha partitura difícil de conseguir, xa que as propias dificultades para editar unha obra desta natureza limitan a súa reprodución. Tampouco se atopan moitos rexistros discográficos desta composición, ausente en practicamente todos o discos coa integral de piano do xaponés; por outro lado, o resultado sonoro varía moito entre cada versión. A gravación máis coñecida é a de Roger Woodward dos anos 70, que se denomina *London Version*. Xa no 2006, Jim O'Rourke achegaría unha gravación coñecida como *Tokyo Realization*. Digamos, logo, que no concerto de hoxe se propón a *Pontevedra Version*.

A obra divídese en cinco estudos diferentes, que son as cinco coroas que forman a partitura gráfica e que no programa se intercalan entre as músicas de Hosokawa. Estes cinco estudos son cinco círculos nos que se indican vagamente certas técnicas instrumentais, se ben debido á natureza da composición, a realización está aberta a interpretacións. A obra ten un pequeno tema rítmico e melódico presentado no primeiro estudo (a única coroa na que se identifican alturas concretas). Segundo Takemitsu, cada coroa pode comezar "en calquera punto do perímetro, tanto na dirección das agullas do reloxo coma no sentido contrario". O último destes movementos, *Study for Conversation*, ven indicado coa cor branca e a súa representación gráfica está absolutamente libre de instrucións, aquí a relación trazo-son é completamente indeterminada; será a espontánea conversación e interacción entre Aoi Yamaguchi e os músicos de Vertixe Sonora.

David Durán Arufe
Autor da tese doutoral A música para piano de Toshio Hosokawa (*1955)

¹*Ma / 間: Un espazo (duración) metafísico non cuantificable dunha dinamicamente tensa ausencia de son, un elemento distintivo encontrado en varios xéneros da música tradicional xaponesa.*

²*Kakichi Kadowaki (門脇佳吉) é unha figura moi particular pola súa condición de filósofo, mestre zen e padre católico á vez. Entre as súas obras destaca Zen and the Bible [O Zen e a Biblia], na que discute a relación entre o budismo-zen e o cristianismo. Un elemento especial do padre Kadowaki é a ensinanza dunha combinación de meditación zen coa espiritualidade Inaciana.*

A CALÍGRAFA

Aoi Yamaguchi

Natural de Hokkaido, no Xapón, Aoi Yamaguchi foi adestrada para dominar a arte da caligrafía co mestre Zuiho Sato desde os seis anos de idade. Recibiu numerosos premios, incluídos primeiros premios do ministerio de educación na *44th Asahi Calligraphy Nationwide School Exhibit*, e na *33rd National Students Calligraphy Exhibition*. Foi seleccionada no ano 2000 para representar O Xapón na China e en sesións de intercambio de caligrafía.

Os traballos de Yamaguchi exploran a xustaposición dos clásicos orientais tradicionais e as expresións artísticas contemporáneas. Tamén transforman distintivamente a arte bidimensional da caligrafía xaponesa en expresión artística física a través da performance. Ten traballado en colaboración con compañías de danza contemporánea, modelos, percusionistas de taiko xaponés etc. Tamén participou en proxectos que integran a caligrafía en producións visuais en directo para festivais de música. Actualmente reside en Berkeley, California, onde desenvolve as súas propias instalacións de caligrafía conceptual, exposicións, performances en directo, deseño de logotipos personalizados e encomendas no ámbito internacional. En todas as facetas da súa carreira persegue a mestura de formas de arte tradicionais con estéticas modernas.

A VIDEOARTISTA

Masako Hattori

A miña declaración de traballo

É coma un bosque da imaxinación. As miñas experiencias de vida nalgúns países fanme descubrir camiños diversos, inesperados e íntimos. Este bosque é como un centro de intimidade que eu chamo "espazo ao redor do ser vivo", onde me mergullei, onde sinto forte presenza do ser vivo que é amablemente precioso, infinitamente emotivo.

Desexo que este bosque, "espazo ao redor do ser vivo", se faga visible a pesar do seu espazo baleiro, que é tamén transparente e abstracto. Porque é un espazo que rodea o ser vivo, no que o rastro de xeracións anteriores se une á respiración como a memoria do corpo, e cruza o vento no tempo.

Observei, debuxei, fotografei, filmei, gardei... o xesto, a danza, a fala, o canto, o ruído e o reflexo... tamén na sombra, que parece ser pobre na súa dimensión, pero na que atopo unha gran fluidez... Entón teño Vertixe.

Son como unha representación da realidade, o tempo pasado e a duración. Creo que o recordo destes movementos, a memoria do corpo.

Pode ser, a contemplación de cada momento é simplemente unha paixón pola vida. Se este bosque se fai significativo, entón "o bosque é unha estado da alma" (Gaston Bachelard).

Quero seguir camiñando por este bosque para explorar esta estraña sensación de vida.

VERTIXE SONORA

Desde a súa aparición en 2010, Vertixe Sonora converteuse nun auténtico revulsivo da sociedade galega. A súa permanente estrea de obras novas permite que Galicia participe da creación sonora internacional cun protagonismo activo e desafiante. Un referente para a última xeración internacional de compositores que atopa nas súas producións a oportunidade de desenvolver propostas musicais cunha perspectiva global en permanente estado de convulsión, na procura da excelencia artística.

Integrada por destacados solistas de música contemporánea de Galicia e de Portugal, Vertixe Sonora Ensemble conxuga artistas sonoros, artistas plásticos, músicos de jazz, intérpretes clásicos e xente do teatro e da danza. A partir dunha consciencia da multiplicidade no achegamento ao sonoro, establece un constante diálogo e interacción co pensamento, coa ciencia, coa tecnoloxía e con outras formas artísticas desde unha óptica cosmopolita, integradora e transcultural, para favorecer un espazo aberto á reflexión, á discusión e ao intercambio no campo da música contemporánea, que non renuncia nin ao rigor, nin á transgresión, nin ao espírito de vangarda. Tamén integra o Instituto Galego de Sonoloxía, unha plataforma para investigar a experimentación sonora con novos medios.

Vertixe Sonora desenvolve unha programación diversificada e procura dinamizar o ecosistema cultural, o intercambio e a cohesión do territorio. O ciclo Música e Arte: Correspondencias Sonoras (CGAC) e sonUTopías (campUSCulturae, da Universidade de Santiago de Compostela, o Festival Internacional de Creación Musical Contemporánea Vertixe Sonora en Vigo ou o ciclo MIHLsons, na cidade de Lugo, son algunhas das achegas que están a renovar os públicos de música clásica en Galicia.

O compromiso por divulgar a música do noso tempo e ampliar o seu público lévaos a organizar os cursos de divulgación musical Aguzar o Oído (MARCO, Vigo), os Encontros Internacionais de Música Contemporánea, Causal, obradoiros de composición e charlas abertas. O seu labor foi recollido no documental *Correspondencias sonoras* (2013), do cineasta Manuel del Río.

DO AUDIBLE

Do Audible é un ciclo de concertos promovido pola Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia en colaboración con Vertixe Sonora, que procura achegar puntos de encontro entre a música, a ciencia, a arte e o pensamento contemporáneos na conquista dunha percepción musical máis consciente.

Do Audible actualiza as rutinas de escoita coa aspiración de recuperar o concerto de música como experiencia privada de auténtica transformación. Unha conmoción reveladora que devolva a escoita ao seu lugar, como acontecemento capital do entendemento humano.

Cada concerto organizase arredor dun foco temático e interactúa coa palabra cómplice de relevantes personalidades do mundo da cultura, que achegan informacións e perspectivas de interpretación do feito musical que resulten enriquecedoras para os oíntes.

Do Audible descobre a paisaxe sonora da literatura musical dos últimos decenios, rastrea as interaccións ocultas entre diferentes disciplinas ao longo da historia e explica as claves da creación musical de todos os tempos. Aviva a nosa imaxinación, esperta a sensibilidade de públicos novos, procura acadar, na comuñón da emoción e da intelixencia, unha experiencia artística transcendente.